

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPONSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
9. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPONSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Nunha fractura de Le Fort, con que frecuencia se asocia a unha fractura palatina?

- A) Nunca se asocia.
- B) Un 80%.
- C) Un 50%.
- D) Un 10%.

2. As anomalías branquiais máis frecuentes que nos atopamos no colo correspóndense con:

- A) Primeiro arco branquial
- B) Segundo arco branquial
- C) Terceiro arco branquial
- D) Cuarto arco branquial

3. Respecto á neuralxia do V par (NT), cal é a resposta FALSA?

- A) Os triggers na NT sempre se localizan no territorio do V par.
- B) A maior parte de ataques dolorosos prodúcense durante o día.
- C) Pode ser secundaria a unha infección viral.
- D) En todo doente cunha NT debería realizarse unha TC ou unha RM.

4. Todas menos unha, son ventaxas da planificación virtual dos colgallos óseos:

- A) Permite visualizar preoperatoriamente as características anatómicas propias do paciente.
- B) Garantiza a precisión da reconstrución.
- C) Reduce o tempo quirúrxico.
- D) Facilita a docencia.

5. A inclusión dentaria é CERTO que:

- A) É máis frecuente en mulleres nunha proporción 2:1.
- B) É máis frecuente en mulleres nunha proporción 3:1.
- C) É máis frecuente en mulleres nunha proporción 4:1.
- D) É máis frecuente en homes nunha proporción 2:1.

6. O denominado Stuck syndrome ou síndrome do disco adherido:

- A) É un termo radiolóxico.
- B) A posición da banda do disco non varía de boca pechada a boca aberta.
- C) A e B son certas.
- D) Ningunha é certa.

7. Como posibles complicacións da redución pechada das fracturas nasais aparecen:

- A) Desviación do tabique.
- B) Signos de asimetría nasal.
- C) Insuficiencia respiratoria nasal.
- D) Todas son posibles.

8. Ante un traumatismo do nervio facial, é FALSO:

- A) Pode producirse un dano indirecto post-hemorragia intracerebral
- B) O sitio máis frecuente de lesións traumáticas directas é o percorrido intratemporal
- C) O traumatismo obstétrico constitúe a principal causa
- D) A segunda causa radica en feridas do oso temporal por arma de fogo

9. Acude a consulta un paciente de orixe asiático, de 35 anos de idade con parotidomegalia e adenopatía cervical adxacente, aumento de IgE e eosinofilia en sangue e características histopatolóxicas similares á hiperplasia anxiolinfoide con eosinofilia. O diagnóstico máis apropiado sería:

- A) Enfermidade de Kimura
- B) Anxiosarcoma
- C) Linfoma
- D) Histiocitose

10. Cal dos seguintes tipos histolóxicos é menos frecuente entre os tumores malignos de seos paranasais?

- A) Carcinoma epidermoide.
- B) Melanoma.
- C) Adenocarcinoma.
- D) Carcinoma adenoide quístico.

11. Nas fracturas naso-etmoido-orbitarias podemos atoparnos estas complicacións:

- A) Pneumoencéfalo.
- B) Esgazaduras durais.
- C) Fragmentos óseos en fosa cranial anterior.
- D) Todas son certas.

12. En canto ás técnicas de imaxe en Cirurxía Oral e Maxilofacial:

- A) A ecografía pode diagnosticar a ruptura capsular nas metástasis linfáticas en mans expertas.
- B) A TAC é mellor que a RM para o diagnóstico precoz da afectación mandibular.
- C) O adenoma pleomorfo manifestase na RM como una imaxe hiperintensa en T1 e hipointensa en T2.
- D) As respostas a e c son correctas.

13. Para o tratamento cirúrxico da maloclusión clase III de Angle existen diferentes tipos de osteotomías. Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Osteotomía de Delaire-Joos.
- B) Osteotomía de Obwegeser – Dal Pont.
- C) Osteotomía de Hinds.
- D) Todas as respostas son certas.

14. Respecto á reconstrución de defectos óseos maxilares é CERTO que:

- A) O modelo experimental idóneo presenta defectos óseos que non rexeneran espontaneamente.
- B) Os defectos óseos que non rexeneren espontaneamente coñécense como defectos de tamaño crítico.
- C) Calquera defecto que teña capacidade de rexeneración espontánea, chamábase de tamaño non crítico.
- D) Todas as respostas son certas.

15. As metástases ganglionares cervicais por carcinoma adenoideo quístico:

- A) Prodúcese vía linfática máis que por invasión rexional
- B) Teñen valor prognóstico
- C) Son máis frecuentes as pulmonares
- D) Todas as anteriores son correctas

16. Referente á patoloxía tumoral da articulación temporomandibular (ATM) é CERTO que:

- A) O máis frecuente son os tumores metastásicos.
- B) O osteosarcoma de mandíbula non ten diferenzas respecto ao doutras localizacións.
- C) Non se dan invasións da articulación temporomandibular (ATM) desde tecidos veciños.
- D) Ningunha é certa.

17. Respecto da tuberculose cutánea é CERTO que:

- A) A forma de tuberculose verrucosa aparece ao final da enfermidade.
- B) O seu tratamento é médico exclusivamente.
- C) A forma de lupus vulgar en ocasións é necrotizante.
- D) A forma de chancro non se dá nesta enfermidade.

18. Os quistes dermoides orbitarios preseptais localízanse habitualmente en:

- A) Rexión lateral da cella
- B) Rexión medial do pálebra superior
- C) Rexión medial da pálebra inferior
- D) Rexión lateral da pálebra inferior

19. Cal das seguintes é a resposta FALSA:

- A) O quiste nasolabial pode ser bilateral.
- B) O quiste nasopalatino é típico das primeiras décadas da vida.
- C) O quiste folicular é máis frecuente en varóns.
- D) O quiste odontoxénico glandular é un quiste do desenvolvemento.

20. Respecto aos tumores orbitarios, sinalar a resposta FALSA:

- A) O linfoma é o tumor maligno máis frecuente
- B) O hemanxioma é o tumor benigno máis común
- C) En pacientes maiores de 60 anos adoitan ser benignos
- D) A maioría son extraconais

21. Cal das seguintes NON é unha indicación da ritidectomía do pescozo?

- A) Tecidos subqueixais laxos, con redundancia e ptose moderada no pescozo.
- B) Redundancia e caída importante dos tecidos faciais.
- C) Lipohipertrofia e bandas platismais con mínima caída dos tecidos faciais.
- D) Pacientes que desexan evitar as incisións preauriculares.

22. Con respecto aos tumores malignos da cavidade nasal e seos paranasais, é CERTO que:

- A) O 80% preséntanse no seo maxilar.
- B) Os tumores do seo frontal son raros.
- C) O 80% son adenocarcinomas.
- D) a. e b. son certas.

23. A dor que se produce na síndrome miofascial provoca:

- A) Dor retro-ocular polo pterigoide medial.
- B) Dor retro-ocular polo pterigoide lateral.
- C) Disconfort ao tragar polo pterigoide lateral.
- D) Otalxia polo pterigoide medial.

24. O tumor odontoxénico epitelial calcificante (tumor de Pindborg) é:

- A) De crecemento lento, comportamento benigno
- B) Radiolúcido, multilocular (en panal)
- C) Con calcificacións concéntricas
- D) Todas as respostas anteriores son verdadeiras

25. En que síndrome non é frecuente o retraso mental?

- A) Treacher-Collins.
- B) Crouzon.
- C) Síndrome Saethre-Chotzen.
- D) As respostas a e c son correctas.

26. Que tipo de maloclusión adoita asociarse con maior frecuencia a unha redución inadecuada dunha fractura de Le Fort I?

- A) Clase II.
- B) Clase II con mordida aberta anterior.
- C) Clase III.
- D) Ningunha resposta é certa.

27. En canto á escalerira analxésica da Organización Mundial da Saúde (OMS) é CERTO que:

- A) Os fármacos coadxuvantes utilízanse en calquera dos escalóns.
- B) O índice analxésico-antiinflamatorio do Ketoprofeno é menor que o do Ibuprofeno.
- C) O haloperidol non é un fármaco coadxuvante.
- D) As respostas a e b son certas.

28. O aumento do volume de áreas faciais NON se realiza con:

- A) Graxa autóloga.
- B) Ácido hialurónico.
- C) Materiais aloplásticos.
- D) Fíos tensores.

29. Sinale a resposta CORRECTA respecto á Síndrome de Frey:

- A) Nalgún caso foi descrito como consecuencia dunha fractura mandibular.
- B) É secundario á lesión do nervo aurículo-temporal.
- C) A radioterapia non forma parte do armamento terapéutico.
- D) Todas as respostas son correctas.

30. Sinale a asociación FALSA:

- A) Déficit de vitamina B2- atrofia mucosa.
- B) Déficit de ácido fólico-candidiase.
- C) Déficit de zinc-queilite.
- D) Déficit de vitamina B6-fisuras nos beizos.

31. Con respecto as aleacións de titanio:

- A) O titanio comercialmente puro é simplemente titanio e osíxeno.
- B) As aleacións poden incorporar aluminio e vanadio.
- C) Clasifícanse en Graos 1 a 4 segundo os diferentes graos de resistencia e ductilidade.
- D) Todas as respostas son certas.

32. O quiste óseo aneurismático:

- A) É unha lesión ósea non neoplásica non epitelial.
- B) É unha lesión ósea non neoplásica de estirpe epitelial.
- C) É rara a recidiva.
- D) As respostas a e c son correctas.

33. Que lesión das seguintes é menos frecuentemente multifocal?

- A) Quiste linfoepitelial asociado a VIH.
- B) Cistoadenoma papilar linfomatoso.
- C) Adenoma de células basais.
- D) Mioepitelioma.

34. Cal das seguintes entidades clínicas considérase un hamartoma (conglomerado de dos a dos mil dentículos)?, o:

- A) Odontoma composto
- B) Tumor de Pullon
- C) Fibrodentinoma ameloblástico
- D) Odontoma ameloblástico

35. Nas malformacións craneofaciais conxénitas, sinale a opción FALSA:

- A) Na síndrome de Cohen pode darse microcefalia.
- B) Na síndrome Hallermann-Streiff sempre prodúcese macrostomía.
- C) Na síndrome de Van der Woude pode producirse hipodoncia.
- D) Na síndrome de Crouzon pode producirse ptose palpebral.

36. O termo inclusión dentaria:

- A) Fai referencia tanto á retención como á impactación.
- B) Non ten prevalencia por sexo ou raza.
- C) A causa é case sempre traumática.
- D) Todas las respuestas son falsas.

37. É FALSO que os linfomas primarios de glándulas salivares:

- A) Adoitan ser linfomas non Hodgkin extranodais
- B) É a principal localización de linfomas en cabeza e colo
- C) A maioría son linfomas de células B, tipo mucosa-associated lymphoid tissue (MALT)
- D) A maioría na parótida

38. Nos tumores de orofarinxe sinale a opción CORRECTA das seguintes:

- A) Os tumores de base de lingua presentan unha incidencia de metástases ganglionares no 70–75 por cento dos casos ao momento do diagnóstico.
- B) Nos tumores T1 e T2 de amígdala conséguense iguais resultados con radioterapia que con cirurxía.
- C) Ningunha resposta é certa.
- D) A e B son certas.

39. Os glanglios do compartimento central cervical clasifícanse no nivel (Sloan Kettering Memorial Group):

- A) Nivel IIa
- B) Nivel I
- C) Nivel VI
- D) Nivel Va

40. Dentro das tumoracións benignas linguais podemos ver que o tumor de Abrikossoff:

- A) Foi descrito en 1926 cunha posible orixe en células musculares.
- B) As técnicas inmunohistoquímicas orientan a unha orixe en células de Schwann.
- C) Existe noutras partes do corpo.
- D) Todas as respostas son certas.

41. Cal dos seguintes é un obxectivo do tratamento das fracturas de Le Fort?

- A) Illar a cavidade cranial da vía aérea.
- B) Restaurar as paredes e volume orbitarios.
- C) Restablecer a oclusión preexistente.
- D) Todas as respostas son certas.

42. A orbitopatía asociada á glándula tiroide atópase en:

- A) Hipertiroidismo de Graves
- B) Tiroidite de Hashimoto
- C) Anticorpos antitiroideos circulantes sen distiroidismo
- D) Todas as anteriores respostas son correctas

43. Cal das seguintes NON é unha indicación de intubación con fibroendoscopio?

- A) Apertura oral nula.
- B) Obstáculo mecánico por tumor.
- C) Fractura inestable do raque cervical.
- D) Obstáculo mecánico en síndromes malformativas.

44. O tumor maligno máis frecuente das glándulas lagrimais é o:

- A) Adenocarcinoma primario
- B) Carcinoma adenoideo quístico
- C) Carcinoma mucopidermoide
- D) Tumor mixto maligno

45. Respecto ás malformacións vasculares, sinale a resposta CORRECTA:

- A) A imaxe radiolóxica en “sopa de burbullas” é típica das malformacións linfáticas.
- B) Toda malformación arterio-venosa debe ser estudada con arterografía.
- C) Mullikan clasificou as malformacións vasculares segundo o seu fluxo.
- D) As respostas b e c son certas.

46. De que síndrome é típica a mancha en viño de Oporto?

- A) Sturge-Weber.
- B) Kasabach-Merritt.
- C) Beckwith-Wiedemann.
- D) As respostas a e c son correctas.

47. Dentro das complicacións do tratamento cirúrxico das fracturas de mandíbula atópanse:

- A) Infección postcirúrxica.
- B) Necrose avascular.
- C) Anquilose da articulación temporomandibular (ATM).
- D) Todas son posibles.

48. Nas metástases cervicais de orixe descoñecido, localízase tumor oculto con maior frecuencia en:

- A) Fosa amigdalina e base da lingua
- B) Chan de boca
- C) Rinofarinxe
- D) Larinxe

49. Sinale a resposta CORRECTA respecto ao labio-paladar hendido (LPH):

- A) É máis frecuente en homes que en mulleres.
- B) Unha das técnicas empregadas para a corrección do padal hendido é a de Wardill-Kilner
- C) A técnica de Asensio é unha alternativa para a corrección da alteración labial.
- D) Todas as respostas son correctas.

50. Cal NON é un criterio histolóxico para o diagnóstico de displasia epitelial?

- A) Perda de cohesión celular.
- B) Nucleolos aumentados.
- C) Disminución de la relación núcleo/citoplasma.
- D) Tanto b como c non o son.

51. A principal indicación para utilizar membranas nas cavidades quísticas maxilares é:

- A) Defectos da cortical vestibular.
- B) Defectos da cortical palatina.
- C) Defectos de espesor total.
- D) Calquera tipo de defecto.

52. Cal das seguintes é a principal indicación do inxerto en inlay?

- A) Aumento trasverso maxilar.
- B) Aumento horizontal.
- C) Reparación de cavidades quísticas.
- D) Aumento vertical.

53. Un tecido morfoloxicamente alterado, no que é máis probable que apareza o cancro que no seu equivalente normal, denomínase:

- A) Lesión precancerosa.
- B) Condición precancerosa.
- C) Leucoplasia.
- D) Eritroplasia.

54. Dentro da patoloxía tumoral benigna do padal atopamos:

- A) Quistes dermoides.
- B) Adenomas pleomorfos.
- C) Granulomas telanxiectásicos.
- D) Todas as respostas son certas.

55. A leucoeritroplasia pertence ao grupo de leucoplasias:

- A) Homoxéneas.
- B) Non homoxéneas
- C) Todas as respostas son certas
- D) Ningunha resposta é certa

56. Ante o diagnóstico dun carcinoma verrucoso do chan de boca, o baleiramento ganglionar cervical farase:

- A) Dos niveis I-II bilateral
- B) Supra-omohioideo bilateral
- C) Funcional bilateral
- D) Ningún dos anteriores

57. Dentro dos posibles efectos agudos da radioterapia atópanse:

- A) Mucosite grao III: áreas esbrancuxadas illadas.
- B) Dermateite grao I: descamación húmida.
- C) Modificacións na pigmentación.
- D) Dermateite grao II: descamación seca.

58. Ante un carcinoma epidermoide cutáneo de coiro cabeludo posterior optaremos por unha disección cervical

- A) Postero-lateral
- B) Radical ampliada
- C) Supraomohioidea ampliada
- D) Antero-lateral

59. Existen diferentes tipos de mentoplastias. Cal é a resposta CORRECTA?

- A) De escorregamento.
- B) De superposición.
- C) De superposición en dúas pezas.
- D) Todas as respostas son correctas.

60. Ante o achado dunha tumoración no padal, establécese diagnóstico diferencial con entidades non-neoplásicas das glándulas salivares menores como:

- A) Sialometaplasia necrotizante
- B) Adenose poliquística esclerosante
- C) Hiperplasia adenomatoide
- D) Todas as respostas son correctas

61. Entre as tumoracións benignas da mucosa oral podemos atopar lesións vasculares como expresión doutras síndromes como:

- A) Mafucci.
- B) Rendu Osler.
- C) Sturge Weber.
- D) Todas son posibles.

62. Cal das seguintes afirmacións sobre a leucoplasia é FALSA?

- A) É unha placa branca que non se desprende ao raspado.
- B) É máis frecuente aos 50-70 anos.
- C) Non está asociada a axente físico ou químico.
- D) É unha condición precancerosa.

63. Os valores típicos en Unidades Hounsfield do tecido graso (lipoma) no TAC, oscila entre:

- A) +40 a +80
- B) 0
- C) -60 a -100
- D) -400 a -600

64. Cal das seguintes é unha contraindicación para a abordaxe aberta de rinoplastia?

- A) Deformidade da punta nasal con asimetría dos cartílagos alares.
- B) Deformidade típica do nariz no paciente fisurado unilateral.
- C) Leve defecto do dorso nasal corrixible sen abordaxe aberta.
- D) Asimetría en punta e septo.

65. Sobre o queratoquiste odontoxénico, que opción é FALSA?

- A) Asíciase con dentes incluídos en ocasións
- B) Pode se múltiple (síndrome de Gorlin-Goltz)
- C) Imaxe típica radiolúcida multiocular de bordes ondulados
- D) Comportamento menos agresivo que outros quistes odontoxénicos

66. As fracturas de cóndilo mandibular:

- A) Son frecuentes.
- B) O tratamento é controvertido.
- C) A abordaxe endoscópica non está indicada.
- D) A e B son certas.

67. A enfermidade por rasguño de gato:

- A) É autolimitada
- B) Presenta detección positiva de anticorpos contra *Rochalimea henselae*
- C) Presenta test cutáneo positivo ao antíxeno de Mollaret-Debré
- D) Todas as opcións anteriores son correctas

68. Os ameloblastos son células que:

- A) Desaparecen trala erupción dentaria por un mecanismo de apoptose.
- B) Derivan do ectodermo.
- C) O ameloblasto secretor produce ameloxeninas.
- D) Todas as respostas son certas.

69. Acerca do quiste primordial:

- A) Está presenta na maioría dos doentes con Síndrome de Gorlin, síndrome con herencia autosómica dominante (HAD).
- B) Representa un 5-15 por cento dos quistes dos maxilares.
- C) Na RM xeralemente realza tras a administración de gadolinio
- D) .Contén un epitelio escamoso estratificado ortoqueratinizado

70. A invasión orbitaria por un carcinoma de seos paranasais clasificaríase en:

- A) Tumor orbitario primario.
- B) Tumor orbitario secundario.
- C) Tumor metastásico.
- D) Ningunha resposta é certa.

71. Os fármacos usados na quimioterapia clasifícanse en tres tipos segundo o seu mecanismo de actuación:

- A) Clase I ou cicloindependentes.
- B) Clase II ou fase específicos.
- C) Clase III ou ciclodependentes.
- D) Todas as respostas son certas.

72. Existen diferentes tipos de osteotomía de Le Fort I. Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Le Fort I baixo.
- B) Le Fort I alto.
- C) Le Fort I en chanzo.
- D) Todas as respostas son certas.

73. Respecto á patoloxía das glándulas salivares, sinale a opción VERDADEIRA:

- A) O síndrome de Sjögren é a terceira enfermidade autoinmune en frecuencia, despois da artrite reumatoide e o lupus eritematoso sistémico
- B) No síndrome de Sjögren non existe correlación entre as imaxes da RM coa sialografía e os achados da biopsia de glándula salival menor.
- C) O quiste linfoepitelial benigno asociado ao VIH é pouco frecuente nas glándulas submaxilar e sublingual.
- D) Ningunha resposta é certa.

74. Cal das seguintes afirmacións é CERTA con respecto á resección do músculo orbicular na blefaroplastia superior?

- A) Será igual á cantidade que se resecau de pel.
- B) É mandato reseca sempre graxa.
- C) En pacientes de idade avanzada adoita ser recomendable non reseca nada de músculo.
- D) Tódalas anteriores respostas son certas.

75. Cal das seguintes características dun TAC non é útil para poder facer con el unha planificación virtual de resección e reconstrución con colgalo óseo?

- A) Grosor de corte máximo de 1,0 mm.
- B) Incremento do corte reconstruído máximo de 1,0 mm.
- C) Incremento do corte reconstruído máximo de 2,0 mm.
- D) Antigüidade do estudo menor de 6 meses.

76. Dentro das complicacións da cirurxía ortognática NON se atopa:

- A) Alteración sensitiva do nervio dentario inferior.
- B) Alteración gustativa.
- C) Hemorraxia.
- D) Diapneusia.

77. Acerca do síndrome de Saethre–Chotzen, sinale a opción FALSA:

- A) Ten una herencia autosómica dominante.
- B) Caracterízase por presentar ptose en pálpebras superiores.
- C) Tamen se chama a Acrocefalosindactilia tipo II.
- D) Orixínase por unha mutación no xen TWIST situado no cromosoma VII.

78. Con respecto á clasificación da dor orofacial:

- A) A dor dental pulpar é unha dor visceral.
- B) A dor miofascial é unha dor somática superficial.
- C) A neuralxia postherpética é unha dor neuropática episódica.
- D) As respostas a e c son certas.

79. NON é unha contraindicación relativa para a exodoncia de dentes incluídos:

- A) Dano a estruturas adxacentes.
- B) Idades extremas da vida.
- C) Situacións médicas comprometidas.
- D) Persoas fumadoras.

80. Cal é un efecto secundario da dor dental?

- A) Aparición de puntos gatillo no músculo masetero.
- B) Conxestión nasal.
- C) Lagrimeo.
- D) Todas as respostas son certas.

81. É FALSO que o tumor de Warthin se manifeste:

- A) Máis frecuente en afroamericanos que en caucásicos
- B) Amose predilección pola cola de parótida
- C) Predomine máis en varóns
- D) Máis en fumadores

82. Cal dos seguintes inxertos provoca menor morbilidade no paciente?

- A) Inxerto de crista ilíaca.
- B) Inxerto de rama mandibular.
- C) Inxerto de calota cranial.
- D) Inxerto de sínfise.

83. Con respecto ao queratoacantoma, sinala a resposta FALSA:

- A) Ten crecemento lento.
- B) Ten tendencia á involución.
- C) Na síndrome de Grzybowski son típicos os queratoacantomas múltiples.
- D) Na síndrome de Ferguson–Smith os queratoacantomas adoitan desaparecer espontaneamente.

84. Respecto ao anxiofibroma nasofarínxeo xuvenil, sinala a opción CORRECTA:

- A) Orixínase na parede posterior da fosa nasal.
- B) É típico de homes durante a puberdade.
- C) A extensión intracraneal é excepcional.
- D) As respostas a e b son certas.

85. Nun melanoma de mucosa oral débese saber que:

- A) Hai que descartar a presenza dun melanoma noutra rexión do corpo.
- B) A escisión local con marxes amplas está relacionada coa mellor supervivencia.
- C) A súa localización máis frecuente é o padal duro e a enxiva superior.
- D) Todas as respostas son certas.

86. A escleroterapia con OK432 (picibanil) considérase no tratamento de:

- A) Quemodectomas
- B) Lipomatoses
- C) Linfanxioma
- D) Ningunha das patoloxías anteriores

87. O tratamento do lique plano NON inclúe:

- A) Clobetasol.
- B) Betacarotenos.
- C) Corticoides orais.
- D) Triamcinolona.

88. Cal dos seguintes NON é un tumor maligno de alto grao das glándulas saliváís?

- A) Adenocarcinoma.
- B) Tumor mixto malignizado.
- C) Carcinoma de células acinares.
- D) Cilindroma.

89. Sinale a resposta correcta respecto ós quistes dos maxilares:

- A) O queratoquiste é mais frecuente en mulleres.
- B) Menos da metade dos queratoquistes recidivan.
- C) O quiste dentíxero é o máis frecuente dos quistes odontoxénicos non inflamatorios.
- D) As respostas a e c son correctas.

90. É FALSO nos traumatismos dentoalveolares que:

- A) A ferulización no caso de fractura dentoalveolar debe ser funcional
- B) Nas lesións con luxación dental, a cicatrización pulpar é mellor con ápice inmaduro
- C) Os incisivos centrais son os dentes implicados con máis frecuencia
- D) No caso de malos tratos infantís, perto do 50 por cento presenta lesións orofaciais

91. Cal das seguintes abordaxes NON se emprega no tratamento dos tumores de seo maxilar?

- A) Coronal.
- B) Rinotomía lateral.
- C) Degloving mediofacial.
- D) Endoscópico.

92. A hiperodoncia múltiple consiste na presenza de varios dentes supernumerarios e pódese asociar a:

- A) Síndrome de Gardner.
- B) Displasia cleidocranial.
- C) Querubismo.
- D) A todos eles.

93. As complicacións que podemos atopar na utilización do óso de calota para a reparación de fracturas naso-etmoido-orbitarias son:

- A) Resorción ósea do enxerto.
- B) Adaptación difícil.
- C) Defecto da zona doante.
- D) Todas son posibles.

94. Na síndrome de disfunción temporomandibular é CERTO que:

- A) Adoita aparecer máis frecuentemente na segunda década da vida.
- B) Detectouse un 15 por cento de persoas sas e asintomáticas con desprazamento discal.
- C) É igual de frecuente en homes que en mulleres.
- D) Segundo Nitzan a lesión por lategazo sería un factor predispoñente.

95. Ante un carcinoma epidermoide de trígono retromolar, cal sería a súa actitude?

- A) En casos N1 faría baleiramento ganglionar funcional unilateral.
- B) Non reseca perióstio se non hai signos de afectación ósea para conseguir marxe de seguridade.
- C) En casos de T1 e T2 con marxe ampla non dar radioterapia aínda que os ganglios sexan positivos
- D) Ningunha resposta é certa.

96. Cal é a secuencia correcta respecto a probabilidade de transformación maligna?

- A) Leucoplasia verrucosa proliferativa (LVP) > eritroplasia > liquen plano > queilite actínica (QA).
- B) Eritroplasia > LVP > QA > liquen plano.
- C) LVP > eritroplasia > QA > liquen plano.
- D) Eritroplasia > LVP > liquen plano > QA

97. Entre as condicións necesarias para a neoformación ósea espontánea nun defecto non crítico, NON se inclúe:

- A) Micromovements excesivos no coágulo (dirixen as células mesenquimais cara os fibroblastos e non caro os osteoblastos).
- B) Mantemento do espazo ou das dimensións do defecto que permita a invasión celular e vascular e a proliferación.
- C) Ausencia de carga mecánica (repouso funcional).
- D) Todas as respostas son certas.

98. Respecto dos tumores malignos que afectan o padal duro é CERTO que:

- A) Os máis frecuentes son os que se orixinan nas glándulas salivares menores.
- B) A súa diseminación linfática é cara os niveis III e IV.
- C) O tratamento cirúrxico das adenopatías está indicado sempre en tumores T3 e T4.
- D) Todas as respostas son certas.

99. Cal das seguintes lesións NON está relacionada coa cándida?

- A) Estomatite protésica.
- B) Glosite romboidal media.
- C) Queilite angular.
- D) Fibrose oral submucosa.

100. A imaxe radiográfica con defectos osteolíticos confluíntes en sacabocados sen marxes corticais son típicos de:

- A) Sarcoma de Ewing
- B) Osteosarcoma
- C) Fibrosarcoma
- D) Mieloma múltiple

Preguntas de reserva

1. Respecto aos ganglios retrofarínxeos é CERTO que:

- A) Localízanse no tecido graso diante da fascia prevertebral
- B) O grupo lateral (Rouviere) resécase no baleiramento retrofarínxeo
- C) Asíciáanse aos carcinomas avanzados de oro e hipofarinxe
- D) Todas as anteriores respostas son correctas

2. Os papilomas orais son:

- A) Tumoracións de carácter maligno.
- B) Existe unha forma chamada papilomatose oral florida.
- C) Trátase só con corticoides en orabase.
- D) Non é certa ningunha das anteriores respostas.

3. Pode estar contraindicada a ritidoplastia nos pacientes con estas características:

- A) Pacientes con risco anestésico elevado.
- B) Pacientes en tratamento con anticoagulantes.
- C) Pacientes con hábito tabáquico severo.
- D) Todas as respostas son certas.

4. Cal dos seguintes signos clínicos pode ser producido polos tumores de base de cráneo?

- A) Alteracións da motilidade ocular.
- B) Síndrome do ápex orbitario.
- C) Parálise de pares craniais.
- D) Todas as respostas anteriores son certas.

5. En canto ós tumores malignos de partes blandas cervico-faciais, sinala a resposta CORRECTA:

- A) O leiomiosarcoma require unha resección radical con marxes aínda sendo de baixo grao de malignidade.
- B) A maior parte dos anxiosarcomas están ben delimitados.
- C) O dermatofibrosarcoma protuberans considérase un tumor de baixo grao.
- D) As respostas a e c son certas.

6. Na cirurxía de quistes maxilares, sinala a opción CORRECTA:

- A) A técnica de Partsch II consiste na marsupialización do quiste.
- B) A técnica de Partsch I é a técnica cirurxica habitual.
- C) A incisión de Luebke–Ochsenbein evita a retracción xinxival.
- D) Todas son falsas.

7. A indicación fundamental do inxerto óseo sinusal é:

- A) A elevación da membrana sinusal para poder colocar implantes.
- B) A reconstrución ósea en altura do sector posterior maxilar, que permita a rehabilitación dental mediante a colocación de implantes dentais.
- C) Pouca experiencia con implantes pterigoideos ou angulados.
- D) Todas as anteriores respostas son certas.

8. Entre as complicacións das inclusións dentarias NON se atopa:

- A) Hipoacusia.
- B) Diminución da agudeza visual.
- C) Asialia.
- D) Priapismo.

9. Con respecto á toxina botulínica:

- A) Existen 12 serotipos.
- B) A dose letal está arredor das 3000 U.
- C) Está producido polo colstridium difficile, anaerobio facultativo.
- D) As respostas a e b son certas.

10. Que tipo de defecto é máis probable atopar nun paciente con ausencia dun incisivo central tras exodoncia antiga por un proceso infeccioso crónico?

- A) Defecto de anchura ósea.
- B) Defecto de altura ósea.
- C) Defecto de ambas.
- D) Defecto de tecido brando.